



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 12 DE XUÑO DE 2014

LICENZAS

LIC/340/2012.- ALFONSO SEOANE CANCELA.- Conceder licenza de obra para construción dunha vivenda unifamiliar na rúa Vista Alegre (de), 105.

LIC/634/2014.- PEDRO RIAL BOTANA.- Conceder licenza de obra para construción dun alpendre no lugar Zanca da Capilla – A Xesteira.

LIC/1734/2013.- DIEGO SEIJAS MIGUEZ.- Conceder licenza de obra para construción dunha vivenda unifamiliar no lugar de Santomil, 32.

3.- Axudas de carácter social.

A XGL aprobou a proposta da concelleira de Benestar axudas de carácter social por un importe de 27.091,17 €.

4.- Aprobación definitiva da Conta de liquidación definitiva da Unidade de Actuación B de Penamaría.

Este expediente foi sometido a exposición pública durante 20 días e non habendo alegación algunha á XGL de hoxe aprobou a conta de liquidación definitiva da Unidade de Actuación B de Penamaría cun saldo resultante bruto de 226.826,47 € e un saldo neto de 88.256,26 €.

5.- Adxudicación de contrato de préstamo.

A XGL aprobou adxudicar o contrato de préstamo por valor de 6 millóns de euros a LA CAIXA ao ser a oferta máis ventaxosa: euribor+ 1,79 %.

6.- Proposta de aprobación do Plan de Control Tributario 2014.

A XGL aprobou a proposta da concelleira de Facenda o Plan de Control Tributario 2014 segundo o establecido na Lei Xeral Tributaria 58/2003. Se ben o Plan ten carácter reservado si se poden facer públicos os criterios xerais de actuación, tales como deseñar e fixar unha política tributaria baseada na equidade e claridade; tamén se trata de realizar unha xestión tributaria e recadatoria integral e, por suposto previr, controlar e loitar contra o fraude e a morosidade.

7.- Recoñecemento extraxudicial de créditos.

A XGL aprobou este recoñecemento extraxudicial por valor de 7.261,35 € en concepto de facturas polo canon da Auga e polo canon de saneamento informadas favorablemente pola intervención municipal.

8.- Aprobación definitiva de axuda para vivenda da área de rehabilitación integral de Pontepedriña (fase 3).

A XGL aprobou estas axudas de forma definitiva da 3ª fase Pontepedriña dentro do convenio entre o Ministerio e o IGVS por un importe de 6.966,54 €.

9.- Dar conta do aboamento do 1º prazo da subvención nominativa concedida para financiar o sostemento do centro sociocultural e xuvenil do Ensanche, durante o ano 2013.

Deuse conta do aboamento do 1º prazo da subvención nominativa por parte da Deputación da Coruña para financiar o sostemento do CSC e Xuvenil do Ensanche por importe de 72.000 €.

10.- Transmisión caseta NC286 da praza de abastos, da titularidade de D. RAMÓN OLIVEIRA PORTAS, a favor do seu fillo D. MIGUEL ANGEL OLIVEIRA FERNÁNDEZ.

Apróbese a transmisión.

11.- Autorización traspaso da caseta da praza de abastos núm. NC/260, da titularidade de DNA. MARÍA JOSÉ ALCALDE ARCOS, a favor de DNA. M^a PAZ ARCOS MARTÍNEZ.

Apróbase a autorización.

12.- Adxudicación da explotación da cafetería ubicada no Parque Euxenio Granell no Paxonal.

A XGL adxudicou a explotación da cafetería ubicada no Parque Euxenio Granell no Paxonal a D. Francisco Javier Mallo Cardama e Alexander Sancesario Ríos por un canon de 3.300 €/ano e cunha concesión por 8 anos.

13.- Adxudicación das obras de Mellora e acondicionamento de firme na Pista de Son de Abaixo (A Gracia) a Bargo (A Peregrina), incluídas no POS Adicional 1/2013 da Excma. Deputación Provincial da Coruña.

A XGL adxudicou as obras de Mellora e acondicionamento de firme na Pista de Son de Abaixo (A Gracia) a Bargo (A Peregrina), incluídas no POS Adicional 1/2013 da Excma. Deputación Provincial da Coruña á empresa Construcciones Antonio Filloy S.A. por un importe de 27.200,41 € IVE incluído. Esta obra tiña un presuposto de licitación de 33.854,94 € IVE aparte. O prazo de execución é de 3 meses.

14.- Adxudicación das obras incluídas no proxecto modificado de Mellora e Acondicionamento de viais nas parroquias de Cesar, Berdía, A Barciela e San Caetano, incluídas no POS 2013 da Excma. Deputación Provincial da Coruña.

A XGL adxudicou as obras incluídas no proxecto modificado de Mellora e Acondicionamento de viais nas parroquias de Cesar, Berdía, A Barciela e San Caetano, incluídas no POS 2013 da Excma. Deputación Provincial da Coruña á empresa Antonio Filloy S.A. por un importe de 34.243 € IVE incluído. Esta obra tiña un presuposto de licitación de 41.338,10 € IVE aparte. O prazo de execución é de 6 meses.

15.- Proposta de aprobación do proxecto de renovación de pavimentos na Praza de Galicia.

A proposta da Concelleira de Desenvolvemento Urbano e Sostible a XGL aprobou o proxecto de renovación de pavimentos da Praza de Galicia cun importe de licitación de 107.077,38 €. O prazo de execución é de 6 semanas.

16.- Proposta de aprobación da memoria valorada do proxecto de mellora na rede de saneamento na Rúa do Franco con Travesa de Fonseca.

A proposta da Concelleira de Desenvolvemento Urbano e Sostible a XGL aprobou a memoria valorada do proxecto de mellora na rede de saneamento na Rúa do Franco con Travesa de Fonseca por un importe de 8.025,33 €.

17.- Reaxuste de anualidades programa de dinamización social e igualdade de oportunidades no marco do Proxecto Urbana Santiago Norte.

Con este reaxuste aprobado pola XGL dispórase para 2014 dunha cantidade para o programa de dinamización social e igualdade de oportunidades no marco do Proxecto Urbana Santiago Norte de 51.733,73 €.

18.- Liberación saldo para convocatoria de axudas para a creación de novas empresas ou novas liñas de negocio.

Deste programa do ano 2013 quedaron fondos dispoñibles por un importe de 46.783,99 €. Con esta cantidade dispórase dunha liña de axudas para a creación de novas empresas ou liñas de negocio.

19.- Liberación de cantidade e reaxuste de anualidades 2014, 2015 e 2016 da licitación do servizo de conserxería e limpeza de varias instalacións deportivas.

A XGL aprobou liberar a cantidade de 229.759,28 € polos servizos de conserxería e limpeza de instalacións deportivas en favor da empresa Lacera Servicios y Mantenimiento S.A polos meses de xaneiro a xuño mentres non se resolve a actual situación administrativa.

Esto fai modificar as anualidades aprobadas quedando como seguen:

-ANO 2014: 229.759,29 €.

-ANO 2015: 458.518,57 €.

-ANO 2016: 229.759,28 €.

URXENCIAS

-Aluguer do local nº 5 da rúa Presidente Salvador Allende para a súa utilización como sede de oficinas municipais e aluguer do local nº 4 da rúa Presidente Salvador Allende para a súa utilización como sede de oficinas municipais.

Aprobouse a renovación de alugueres donde están as oficinas municipais de contratación e recadación sitas na rúa Presidente Salvador Allende 6-8. Renóvanse por un ano, ata o 14 de xuño de 2015. Son dous locais un cun prezo de alugueiro de 772,22 €/mes IVE engadido, e o outro local por un alugueiro de 854,52 €/mes IVE engadido.

-Premios I Concurso de Vídeo-Creación para centros de ensino.

Ao abeiro das normas da Convocatoria do I Concurso de video-creación a XGL acordou outorgar os premios deste Concurso a:

Premio infantil: CEIP A Doblada de Vigo polo traballo En galego meu mundo é.

Premio Primaria: CEIP López Ferreiro de Santiago de Compostela polo traballo Consulta médica.

Premio da ESO: IES As Barxas de Moaña polo traballo A árbore.

Premio secundaria postobrigatoria: IES As Barxas de Moaña polo traballo Pocoyo?.

Premio do público: CEIP A Doblada de Vigo polo traballo En galego meu mundo é.

-Programa de Conciliación Verán 2014.

Destinatarios: nenos e nenas que cursen estudos en centros de educación infantil e primaria de Santiago de Compostela, con idades comprendidas entre os 3 e os 12 anos.

Datas de realización: O programa desenvolverase durante o período de vacacións escolares de verán: mes de xuño (23, 25, 26,27 e 30), xullo (do 1 ao 31, agás sábados, domingos e festivos) e setembro (días 1,2, 3, 4, 5, 8,9, e 10) de 2014, coas seguintes modalidades a escoller polos interesados:

Xuño. 5 días ou días soltos.

Xullo: mes completo; quincena ou días soltos;

Setembro: 8 días ou días soltos.

Xuño e xullo, completos: 27 días.

Xuño, xullo e setembro, completos: 35 días.

Xuño e setembro: 13 días.

Quincena de xullo e xuño, completos: 16 días

Quincena de xullo e setembro, completos: 19 días.

Sobre as prazas:

- Actividades e obradoiros: 70 persoas, en cada período (xuño, xullo e setembro)
- Servizo de madrugadores con almorzo: 25 persoas, en cada período.
- Servizo de comedor: 45 persoas, en cada período.

O horario do programa será de 9 a 14 horas; ofrécese a posibilidade de que as familias poidan solicitar ademais un servizo de madrugadores con almorzo (de 7:45 a 9 horas) e un servizo de comedor (de 14 a 15:30 horas).

O orzamento para este programa é de 21.430,00 €.